



O Congreso Internacional de ANKA reuniu podólogos procedentes dunha trintena de nacionalidades na granxa Mas Bes

Con carácter bianual, este ano tocou convocar o Congreso Internacional do Grupo ANKA, que se desenvolveu os días 5 e 6 de xuño. Como é xa habitual, a granxa xerundense MAIS BES cedeu as súas instalacións para congregar profesionais procedentes de ata 32 nacionalidades distintas, que trataron temas de grande interese na podoloxía bovina, así como novidades da podoloxía. No marco do Congreso tamén se celebrou o II Campeonato Mundial de Recorte, que organiza a APPB en colaboración coa empresa navarra.

José María García Nieto
Servizo de Podoloxía de Seragro SCG
Presidente da APPB



PRIMEIRA XORNADA: CONFERENCIAS E SESIÓNS PRÁCTICAS

Daniel Zalduendo, director veterinario e de vendas de Anka, foi o encargado de realizar a presentación do Congreso, que comezou a mañá do venres 6 de xuño.

A continuación, **Gerard Cramer** falou dos distintos métodos de recorte: holandés, Kansas, *White Line* etc., todos eles eficaces, e que, ben feitos,

nos axudan a manter unha boa saúde podal. Cramer recalcou que o tipo de recorte aplicado ten importancia, pero o principal é non danar a integridade dos pezuños á hora do recorte e tamén escoller o adecuado para cada granxa. Así mesmo, lanzou unha pregunta: “Tratar ou previr a coxeira?”. Segundo o seu criterio, o ideal é a prevención, pero, apuntou que “temos que tratar coas dúas par-

tes no noso día a día e deberíamos insistir máis nesta última”.


Recorte e biomecánica, efectos das presións ao camiñar e a importancia do recorte para paliar esas presións inadecuadas foron algúns dos temas tratados por **Evgenij Telezhenko**, quen analizou os efectos á hora de realizar o oco axial. Con base nas súas propias investigacións, considera que un oco axial grande favorece máis que un pequeno. Igual que Cramer, insistiu en que é fundamental non danar a integridade dos pezuños e conservar a súa parede. En conclusión, — lembrou —, debemos conservar paredes e realizar o oco axial grande no pezuño sobrecargado. Finalmente, recomendou ter moito coidado co rebaixado da sola e coidar de que, polo menos, queden uns 6 mm de grosor.

A terceira relatora foi **Pauline García**, coa súa charla sobre as claves do manexo de xatas para que sexan máis sociables na súa madurez. Pauline mencionou que debemos pasar tempo entre elas, ter obxectos distintos preto para que poidan exploralos tranquilamente, pois, dese modo, cando vexan algo estraño, non se asusten tanto; deixar que

► NESTA EDICIÓN ABORDÁRONSE TEMAS CLAVE COMO AS TÉCNICAS DE RECORTE, BIOSEGURIDADE, EFECTOS BIOMECÁNICOS NON DESEXADOS E DERMATITE DIXITAL, ASÍ COMO ENFERMEDADES EMERXENTES COMA A EHE



Daniel Zalduendo foi o encargado de inaugurar o Congreso




Gerard Cramer (EE. UU) falou dos diferentes métodos de recorte



Evgenij Telezhenko (Suecia) insistiu en que é fundamental non danar a integridade dos pezuños e conservar a súa parede



Pauline García cre que é fundamental crear un vínculo coas xatas para mellorar o seu comportamento



Loris de Vecchis (Italia) dedicou a súa charla á bioseguridade nas granxas



Miguel Ángel García resaltou que a vacinación é a mellor opción para controlar a EHE

nos cheiren e lamban pois sentiran-se máis tranquilas, é dicir, crear un vínculo para conseguir que melloren o seu comportamento, pois, segundo manifestou, esta aprendizaxe de crías verase reflectida no futuro á hora das vacinacións, recorte de pezuños e o manexo en xeral, o que logrará un menor nivel de estrés na súa idade adulta.

García deu paso á intervención de **Loris de Vecchis**, a cal versou sobre a importancia da bioseguridade nas ganderías e do relevante labor dos profesionais para non transmitir enfermidades como a febre aftosa. De Vecchis advertiu que a desinfección do material que usamos —poldros, coches, utensilios de corte, botas, luvas e roupa— deben estar debidamente lavados e desinfectados, nesta orde: lavar primeiro e desinfectar despois, pois, se variamos esta orde, “non estaremos a facer un bo traballo”, apuntou.

De Vecchis incidiu en que estas dúas accións “van da man, non ten sentido desinfectar, se deixamos todo cheo de sucidade”. O italiano concluíu o seu relato facendo alusión aos protocolos de actuación en Europa e ás consecuencias das doenzas contaxiosas.

A seguinte disertación, a cargo de **Miguel Ángel García**, centrouse na

enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE). Tras a súa descrición, enumerou os seus principais síntomas, o seu nivel e mapa de contaxios en España, o risco da calor e alta humidade, así como as súas consecuencias e como os profesionais as detectamos reflectidas nos pezuños. Seguidamente, describiu o tratamento de varios casos prácticos que el mesmo atendeu e, lembroulles aos asistentes que “a vacinación —contamos con dúas vacinas na actualidade— é fundamental para controlala”, afirmou.

En paralelo ás conferencias técnicas, os asistentes puideron visitar varios stands dedicados ao material de traballo, produtos e mesmo poldros de ferraxe de última xeración, coma o poldro hidráulico nómada, da firma ANKA, que funciona con batería.

Sesións prácticas distribuídas en seis talleres

Os talleres foron distribuídos en seis grupos para facilitar o funcionamento destes.

Taller 1. Pauline García puxo en práctica a súa forma de interactuar coas xatas para conseguir achegarse e acaríñalas sen xerar o máis mínimo estrés.

Taller 2. Wim Hessels (Países Baixos) mostrou como podemos detectar posibles problemas só con observar os excrementos das vacas, poñendo en práctica varias formas de facelo, para que, cando nos atopemos casos deste tipo, poidamos dar a voz de alarma.

Taller 3. Rebecca Torstensson e Telezhenko (Suecia) ensinaron o recorte que se ha de practicar, un pezuño diseccionado para ver o seu interior e o que se logra co recorte. ►

► OS TALLERES INCLUÍRON, ENTRE OUTRAS, SESIÓNS DE RECORTE EN VIVO, SOLDADURA BÁSICA PARA MANTEMENTO DE EQUIPOS, FORMACIÓN EN XESTIÓN E RECORTE PREVENTIVO PARA PRINCIPIANTES

Taller 4. Nick Bell (O Reino Unido) e Cramer (EE. UU.) presentáronnos as súas distintas formas de recortar e actuar en cada caso.

Taller 5. Adrián González (España) e Johnny Miller (O Reino Unido), nun entretido taller sobre como manexar unha empresa de podoloxía para facela funcionar de xeito correcto.

Taller 6. Miguel Erice e Eki González (España) trataron coñecementos básicos de soldadura para poder arranxar pequenas avarías in situ.

Ademais destes seis talleres, tamén se levou a cabo un específico para principiantes no que Miguel Ángel Franco (España) e Richard Touret (Portugal) lles impartiron clases a alumnos e alumnas que aínda se están a iniciar na profesión.

2.ª XORNADA: MESA REDONDA, MÁIS CHARLAS E A CELEBRACIÓN DO II WORLD TRIMMING CUP

Na segunda xornada celebrouse unha mesa redonda centrada en **como manexar as coxeiras en extensivo ou pastoreo extensivo ou híbrido**. Nela interviñeron Adrián González, Juan Cadavid e Nick Bell, os cales foron contando as diversas experiencias en cada país. Así, en Inglaterra a maioría é intensivo ou híbrido, mentres que en América do Sur é máis extensivo todo o ano, debido á súa climatoloxía.


TALLERES PRÁCTICOS



Taller 1



Taller 2



Taller 3



Taller 4



Taller 5



Taller 6



Adrián González, Nick Bell e Juan Cadavid debateron sobre os "Factores de risco no sistema extensivo"



Entre os factores de risco, Cadauid apuntou os camiños de pedras e as longas camiñadas cara ao muxido, polo que os recortes preventivos son distintos debido ás condicións; por iso, manifestaron a necesidade de darlles asistencia e formación ás granxas de extensivo para detectar antes as coxeiras e levar a cabo un bo plan de recorte preventivo.

Despois da mesa de debate, seguiron as últimas charlas deste Congreso. A primeira delas foi da

man do portugués **Richard Touret**, quen lle presentou ao público o dilema sobre cortar ou non cortar os tilomas (tamén coñecidos como 'calosidade' ou 'heloma'). Explicou como tratar esta doenza, se debemos ou non cortalo, e enumerou as probabilidades que ten de recidiva e mesmo de infección, polo que aconsellou que sempre se paute o tratamento con analxesia e antiinflamatorios, ademais da colocación da vendaxe.




Richard Touret explicou cal é o mellor método para tratar os tilomas



Gerard Cramer volveu intervir para debater sobre como decidir cando e como recortar



Nick Bell abordou o tema da detección e control das coxeiras



Laura Solano lembrou a importancia de previr a dermatite nas nosas vacas

Gerard Cramer volveu intervir para debater sobre como decidir cando e cpmo recortar, e explicou o importante que é realizar consultoría para cada granxa e traballar moito na prevención, limpeza, pediluvio, detección da coxeira, tempo de pé etc. Así mesmo, insistiu na relevancia dunha “detección temperá da coxeira para reducir ao máximo o tempo de recuperación”. Neste sentido, falou de distintos métodos de detección: o tradicional e o tecnolóxico; sobre este último advertiu que aínda ten moitos falsos positivos, co cal debemos adestrar moito o visual humano con métodos como o Roms, do que a APPB é promotor en España.

Nick Bell, procedente do Reino Unido, abordou o tema da detección e o control da coxeira e ratificou o dito por Cramer: a detección temperá é fundamental para obter bos resultados, polo que incidiu na necesidade de formar os gandeiros para a detección temperá mediante o sistema Roms. Así mesmo, achegou un dato para tomar nota: as coxeiras deberían ser atendidas entre as 48-72 horas, unha vez detectadas, de modo que se garante moito máis a obtención de bos resultados.

A última intervención foi a de **Laura Solano** (Estados Unidos), quen se di-

rixiu ao público para tratar o tema do control e prevención da dermatite. Segundo Solano, estamos ante unha enfermidade “contaxiosa e infecciosa”, polo que a prevención é a nosa mellor arma. Neste sentido, lembrou que cada granxa debe adaptarse ás súas condicións e peculiaridades para a dita prevención, “que debe ser continua e rutineira”. Para rematar, indicou que un caso de dermatite pode chegar a ter un custo próximo aos 400€.



O II WORLD TRIMMING CUP XULGOU O RECORTE DE COMPETIDORES DE 28 NACIONALIDADES

A última parte do congreso, na que se celebrou a segunda edición do World Trimming Cup [Campionato Mundial de Recorte de Pezuños], foi un dos momentos máis esperados. Nel tamén participou o noso compañeiro Juan Sánchez para defender o título de campión, que xa obtivera na primeira edición do campionato.

Na primeira fase, participaron candidatos procedentes de 28 nacionalidades. Tras a avaliación dos recortes por parte dos xuíces, pasaron á final as catro mellores puntuacións e, a seguir, tivo lugar a cualificación e a elección do gañador.

Nesta edición o podio estivo formado por Jorge Valdivia (México), que ocupou o primeiro posto; Iliias Bodecis (Grecia) e Brecht Moens (Bélxica), ambos compartiron un segundo posto, pois quedaron empatados e, en terceiro lugar, situouse Juan Sánchez (España).

Parabéns a todos!

AGRADECEMENTOS

Queremos agradecerlle a ANKA o gran traballo realizado, porque foi un congreso excelente, así como a todos os relatores e colaboradores, e, en especial, a Granja Mas Bes, que, coma sempre, nos brinda as súas estupendas instalacións para poder organizar este importante evento. ■

